



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 26 DE XANEIRO DE 2016.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día 26 de xaneiro de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES (ORD. 10.12.2015, ORD. 22.12.2015, EXTRAORD. 30.12.2015 E EXTRAORD. 18.01.2016)

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 10, 22 e 30 de decembro de 2015 e 18 de xaneiro de 2016 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nas mesmas, polo que as referidas actas foron aprobadas pola unanimidade dos presentes en cada sesión.

PUNTO 2.- SUBVENCÍONS

Dase conta da Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda:

1. solicitar unha subvención ó abeiro desta Orde para o proxecto denominado: "DOTACIÓN DO MOBILIARIO PARA DESPACHOS DE NOVO EDIFICIO DO CONCELLO NA CASA DOS ALONSOS" cun orzamento total de 41.014,16 € (IVE EXCLUIDO).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

2. Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde.

Dase conta da Orde do 21 de decembro de 2015 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas á entidades locais de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda:

1. Solicitar unha subvención ó abeiro desta Orde para o proxecto denominado: "MELLORA URXENTE DO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DA GUARDA" cun orzamento total de 15.210,91 €.
2. Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde.

PUNTO 3.- INFORMES XURÍDICOS

Dase conta do informe do Asesor Xurídico do Concello de data 15 de xaneiro de 2016 comunicando a sentenza e o auto de aclaración de dita sentenza ditados o 29 de outubro e 4 de decembro de 2015 pola Audiencia Provincial de Pontevedra no recurso de apelación nº 49/2015 entablado polo Concello da Guarda contra sentenza ditada o 1 de decembro de 2014 polo Xulgado de 1ª Instancia nº 2 de Tui nos autos do procedemento ordinario 45/14 entablado polo Concello da Guarda contra as aseguradoras Mapfre e Generali reclamando o pago da indemnización que en concepto de responsabilidade patrimonial tuvo que pagar o Concello da Guarda a Dña. Maria Luisa Perez Blanco derivada da anulación de licencia para construción dunha vivenda unifamiliar ascendendo a 7.794,56 euros.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e acorda dar traslado ó departamento de urbanismo para a súa unión ó expediente, e o departamento de Tesoureiría para que teñan en conta o futuro ingreso derivado de dita sentenza.

PUNTO 4.- INFORMES DE SERVIZOS SOCIAIS

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 18 de xaneiro de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. A.H.H.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concorrencia.

PUNTO 5.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 8.370 de data 28 de decembro de 2015, presentado por D. MANUEL GESTEIRA GUISANDE, con enderezo na rúa Outeiro, nº 7 de Nigrán,



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

solcitando a devolución da parte proporcional dos recibos de consumo de auga do 4º trimestre de 2014 e 3º trimestre de 2015 do obxecto tributario Cal, nº 73-baixo que corresponda polo pago dos 15 m³ nos trimestres inmediatamente anteriores nos que non se fixo lectura.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á devolución da parte proporcional dos recibos de consumo de auga do obxecto tributario Cal, nº73-baixo do 4º trimestre de 2014 e 3º trimestre de 2015 tendo en conta o pago efectuado polo consumo mínimo de 15 m³ nos trimestres inmediatamente anteriores nos que non se fixo lectura.

Lese o escrito RE 431 de data 22 de xaneiro de 2016, presentado por D^a. M^a TERESA PENA MARTINEZ, con enderezo na rúa Calvo Sotelo, nº 19-2ºDta de A Coruña, solcitando a anulación do recibo de consumo de augado 3º trimestre de 2015 do obxecto tributario Rosalía de Castro, nº 8 e a emisión dun novo por non contemplar ó pago do consumo mínimo efectuado nos trimestres inmediatamente anteriores nos que non se fixo lectura.

A Xunta de Goberno Local acorda anular o recibo de consumo de auga do obxecto tributario Rosalía de Castro, nº 8 do 3º trimestre de 2015 e que emita un novo no que se descuenten os 15 m³ abonados en cada trimestre inmediatamente anterior nos que no se fixo lectura.

Lese o escrito RE 7.981 de data 7 de decembro de 2016 presentado por DNA. VANESA ALONSO GÁNDARA, en calidade de administradora da Clínica Veterinaria La Guardia, con enderezo na rúa Tomiño, nº 3-baixo da Guarda, solcitando a instalación dun contenedor de papel e cartón diante da súa clínica.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se procederá á reubicación do contenedor que está nesa rúa.

Lese o escrito RE 7.982 de data 7 de decembro de 2016 presentado por DNA. VANESA ALONSO GÁNDARA, en calidade de administradora da Clínica Veterinaria La Guardia, con enderezo na rúa Tomiño, nº 3-baixo da Guarda, solcitando unha zona de carga e descarga diante da súa clínica.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa existe unha zona de carga e descarga nesa rúa.

Lese o escrito RE 62 de data 5 de xaneiro de 2016, presentado por D. FRANCISCO BUERGO GOMEZ, en calidade de Presidente de ASOCIACIÓN UNIÓN DE MINUSVÁLIDOS DE ASTURIAS, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Piles, nº 15 de Xixón, solcitando autorización para a venda a pé de axendas con horóscopo pola rúa durante o 2016.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que a venda ambulante no Concello da Guarda está regulada na ordenanza correspondente, debendo seguir o procedemento establecido nela para o seu exercizo.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 135 de data 8 de xaneiro de 2016, presentado por DNA. M^a JESÚS GONZALEZ GONZALEZ, con enderezo na rúa Malteses, n^o 123 da Guarda, manifestando a súa preocupación polo estado no que se atopa a cuberta do pavillón do colexio e solicitando a máxima celeridade na reparación do mesmo.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o equipo de goberno comparte a súa preocupación e que están en permanente contacto coa Xefatura Territorial de Educación para a resolución do problema.

Lese o escrito RE 165 de data 11 de xaneiro de 2016, presentado por D. JOSE MARIA SILVA SOBRINO, con enderezo na rúa 4^a Transv. Solanas, n^o 6 da Guarda, presentado xunto coa sinatura doutros veciños reclamando o arranxo da wifi municipal na Praza da Guía.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o problema está resolto dende o 22 de decembro de 2015.

Lese o escrito RE 313 de data 16 de xaneiro de 2016, presentado por D. RUBEN CIVIDANES BAZ, con enderezo na rúa Manuel Alvarez, n^o 16, Esc. 4-3^oD da Guarda, solicitando que se lles faga entrega dos seus escritos con rexistro de entrada n^o 16, 17 e 18 de 4 de xaneiro de 2015 ó resto dos membros da corporación.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que todos os membros da corporación teñen acceso ó rexistro de entrada.

Lese o escrito RE 311 de data 16 de xaneiro de 2016, presentado por D. RUBEN CIVIDANES BAZ, con enderezo na rúa Manuel Alvarez, n^o 16, Esc. 4-3^oD da Guarda, reiterando a súa proposta relativa á organización das Festas do Monte.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa hai unha asociación encargada da organización das Festas do Monte e que debe dirixirse a eles.

Lese o escrito RE 312 de data 16 de xaneiro de 2016, presentado por D. RUBEN CIVIDANES BAZ, con enderezo na rúa Manuel Alvarez, n^o 16, Esc. 4-3^oD da Guarda, reiterando os seus orzamentos presentados con rexistro de entrada n^o 16, 17 e 18 de 4 de xaneiro de 2015.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle o seu agradecemento pola presentación de ditos orzamentos.

Lese o escrito RE 8.358 de data 23 de decembro de 2015, presentado por D. SAMUEL POUSADA SOAJE, actuando en representación de Federación de Empresarios de Salas de Fiesta, Baile y Discotecas de Galicia, con domicilio social na rúa Mendez Núñez, n^o 27 de Cangas de Morrazo (CP 36940) solicitando que se



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

tramiten os expedientes oportunos por incumplimento de horario do establecemento "As de Copas".

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa se deron as ordes oportunas á Policía Local para que fagan un seguimento dos feitos denunciados e elaboren un informe ó respecto.

Lese o escrito RE 8.365 de data 26 de decembro de 2015, presentado polo Delegado da Sección Sindical da CNT do Concello da Guarda, solicitando que se dote de maneira urxente ós traballadores do GES da roupa e EPI's que sinalan no corpo do seu escrito.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o Concello está facendo todos os esforzos posibles para dotar de EPI's non só ós GES, senón a todo o persoal municipal que o requira .

Sendo as dez horas e trinta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.